

**INSTITUTO JOSÉ CORNIDE DE ESTUDIOS CORUÑESES**

**UNHA ARQUEOLOXÍA DE MIN MESMO  
E A MIÑA CIDADE**

**Discurso lido por**

**D. CÉSAR ANTONIO MOLINA SÁNCHEZ**

**ao ser recibido como Membro de Número deste  
Instituto durante a sesión pública que se celebrou  
solemnemente o día 16 de decembro de 2024 no  
Salón de Sesións do Palacio Municipal de María  
Pita da Coruña, e a contestación a cargo do  
Membro de Número D. Felipe Senén López Gómez**



**A CORUÑA, 2024**





Depósito Legal C 1743-2024  
Impreso en Global Print  
A Coruña, 2024

**UNHA ARQUEOLOXÍA DE MIN MESMO  
E A MIÑA CIDADE**

**César Antonio Molina Sánchez**



Miña querida directora, meus queridos membros numerarios desta douta Casa.

Autoridades, amigas e amigos. É hoxe unha gran satisfacción para min atoparme aquí tomando posesión do meu nomeamento como membro numerario electo do Instituto «José Cornide» de Estudios Coruñeses. Unha gran honra formar parte desta Institución na que traballei como investigador e coa que colaborei en diferentes actividades ao longo dos anos. Tamén expresar o meu recoñecemento a todos aqueles membros numerarios, desta e doutras épocas, que souberon manter o Instituto «José Cornide» en tan alta estima e relevancia, que vai máis aló das fronteiras da nosa cidade e de Galicia. Ser a receptora do legado de Salvador de Madariaga, fai que a nosa urbe e este organismo sexan unha das capitais berce da Unión Europea.

Neste sentido non sei se existe unha federación de cidades europeas en que naceron os fundadores da UE mais, de non existir, debería fundarse. A colaboración entre todas elas serviría para a difusión entre os mozos, deste espírito de fraternidade e concordia entre os nosos diferentes pobos.

Ulises entre os dez anos que pasou na Guerra de Troia e os outros dez perdido en aventuras polo Mediterráneo, sumou a nada pequena cifra de vinte anos lonxe de Ítaca e da súa familia. Eu, por suposto, sen compararme nin co heroe grego nin co seu creador, levo uns corenta e sete anos fóra da Coruña. A ausencia do grego foi compacta, mentres que a miña non deixou nunca de estar en permanente contacto familiar e intelectual. Mesmo nalgúns momentos da miña vida en que puideron favorecer xustamente a miña cidade e comunidade, así o fixen. Aínda que, ao longo da historia, foi unha queixa permanente dos nati-

vos famosos ou coñecidos dunha urbe, a desafección dos políticos da mesma cara a eles, eu non teño a máis mínima queixa. Evidentemente eu non son Dante, por exemplo, nin tampouco con todo o meu amor e respecto, A Coruña é Florencia.

No meu caso, o nomeamento como membro de número do Instituto «José Cornide» reafirmao, así como outros recoñecementos outorgados con anterioridade. Lin hai pouco na necrolóxica dun gran amigo e médico coruñés que, quen a redactaba, enxalzaba a aqueles que se quedaron na súa terra fronte aos que se foron. Eu non o vexo así. Cada persoa ten o dereito a desenvolver a súa vida no mellor lugar que lle pareza sen por iso menoscar as súas relacións coas raíces. Pola contra, un traballo ben feito fóra da súa xeografía natal axudará a dar unha maior relevancia aos seus contemporáneos e conterráneos. Que fixeron os millóns de galegos emigrados ao longo da historia? Eran estes merecedores de menor aprezo? Coñecemos os seus motivos e razóns? Alí onde un galego estea, en calquera parte do mundo, está Galicia. Ou como escribiu nun verso o Premio Nobel de Literatura grego, Seferis, *Onde queira que vaia, Grecia fêreme*. É dicir, *Onde queira que vaia, Galicia fêreme*.

Seguindo con Homero e a Odisea, no seu Canto V-215-220, Ulises tivo tentacións moi serias para residir definitivamente noutras terras. Quizais a maior emboscada emocional foi a que lle tendeu Calipso. Elixir entre unha gran beleza nova e inmortal, fronte á mortal e consumida Penélope. É dicir, elixir entre quedar placidamente a vivir noutras terras, ou continuar a viaxe de retorno sabendo que, cando se chegue á ansiada patria, o primeiro que haberá que facer é sobrevivir aos propios concidadáns inimigos. «Non o leves a mal, deusa augusta, que eu ben coñezo / canto por baixo de ti a discreta Penélope queda / á vista en beleza e en nobre estatura. A miña esposa / é muller e mortal, mentres ti nin envelleces nin morres. / Mais con todo eu quero, e é ansia de todos os meus días, / chegar á casa e gozar da luz do regreso».

Sempre que regreso a Coruña regreso á miña casa e gozo desa luz do regreso, como agora mesmo. E esta nostalxia e esta melancolía deron como froito algunhas das mellores páxinas que eu escribín tanto en prosa como en verso.



Saben vostedes que a palabra nostalxia vén de «nóstos» que significa regreso; así como desta outra «algos» que significa dor. O famoso médico suízo, Johannes Hofer, doutorouse coa súa investigación titulada *Dissertatio medica de nostalgia* (1688). Referíase aos mozos mercenarios suízos que combatían en exércitos estranxeiros como, por exemplo, o español. A nostalxia era un pensamento permanente e doloroso por estar lonxe de onde se naceu. Non por temor a morrer no combate, senón por estar lonxe da súa terra.

Esa foi a miña propia sensación ao longo de todos estes anos. E escribir o meu maior consolo. E ler e ler, que é un consolo acompañado de moitas experiencias obtidas polos grandes e sabios amigos de todos os tempos. Consolar a alguén ou distraelo? Preguntábase Montaigne. No fondo, todo intento de dar consolo non é máis que un intento de enganar e paliar o mal.

Consolarse é como desviarse e, en última instancia, esquecer. É dicir, hai cura pero esta conduce á desaparición do obxecto polo que se padece. Eu nunca quixen perder a nostalxia da miña cidade e comunidade, a pesar da dor.

Dor da ausencia, pero tamén do retorno que para min é mesmo máis doloroso, pois é un desexo de volta imposible de cumprirse porque estes lugares, detidos na miña memoria, son xa moi distintos, con xentes e lugares ausentes. Por iso o meu verdadeiro medo é volver á miña cidade, porque xa non podo cruzarme co meu pai pola rúa Real, coa miña nai nos Cantóns, ou coa miña avoa Estrella na Palloza. As casas onde habitaron xa as habitan outras xentes. Quen durmirá agora no cuarto onde nacín? Tampouco existen xa os cines, nin as librarías, nin as terrazas, nin sequera aqueles veráns do tormento caudillista. Medo a voltar e sentirse só onde sempre estabas rodeado dun cariño inmenso. Si, fican vestixios materiais, e moitos, que percorro como se fose un arqueólogo, sen darme conta de que o principal vestixio son eu mesmo.

Medo a volver. Nin a idea do desterro nin do exilio me serven, porque eu tiven a sorte de non ser nin desterrado nin exiliado. Por iso tampouco podo afirmar, como María Zambrano me dixo ao regresar a España, que a súa verdadeira patria era o exilio mesmo. O desterro, en xeral,

define a nosa condición humana. Por así dicilo, fomos robots creados por Deus. Chegamos a ter pensamentos e sentimentos.

Quixemos converternos nos seus iguais como agora os robots están moi preto de alcanzalo cos humanos, mais o Creador temeuno, e mantívounos baixo control. Nostalxia e melancolía polo vivido noutros tempos. O pasado é unha terra estraña, ás veces até mesmo unha terra estranxeira. O reencontro xa non é posible, pois vivir significa renovarse constantemente e non refocilarse no pasado. Camiñando pola miña cidade que, como dicía Baudelaire do rostro das cidades, «cambia máis rapidamente que o dos humanos», encontro baleiros os lugares da felicidade, da amizade, da mocidade, das ilusións, dos desexos, das esperanzas. Xa todo se cumpriu en gran parte, pero tamén xorden en cada esquina os remorsos, os arrepentimentos, a necesidade xa imposible de rectificar opinións ou decisións que críamos verdadeiras, e non o eran segundo razoaban os nosos maiores.

O dereito a equivocarse pertence ao dereito natural, da mesma maneira que o dereito de levar á tumba polo menos un segredo. Pensen vostedes cal elixirían. Nostalxia, melancolía, morriña... E ansiedade, «anxia», «angere». Un nó de forza na garganta que nola estreita até afogarnos.

*Construyeron tan altos edificios  
que desde ningún punto  
se ve ya el faro de mi infancia.  
Hoy la luz se estrella  
contra los grandes bloques de cemento  
y no hay más verdad que la de esas  
omnipotentes vallas que cubren las fachadas.  
Perdí los cines, los cafés, los viejos trasatlánticos  
inmensos como rascacielos por encima de las aduanas.  
Perdí mi eucaliptus, mis plátanos queridos.  
¡Todos talados! ¡Talados! ¡Todos talados!  
Su recta hilera que me protegía con su tacto  
en la Puerta de Aires.  
¡Oh! Si al menos supiera lo que hicieron con sus ramas.  
Diez o doce, o apenas menos golpes de hacha  
van aniquilando los lugares de mi memoria.*

*¿Dónde estoy?  
Y ahora despierto y sólo siento el manto de la niebla,  
y la luz que no llega  
para iluminar mi espíritu perdido por sus calles.  
Mientras, a lo lejos, suena la draga como un yunque  
arrancando un sanguinolento mordisco de amargura.*

Da miña cidade todo é importante, pero hai un lugar moi especial para min, á parte dos familiares, que tivo unha influencia decisiva non só na miña obra literaria, senón tamén na miña propia maneira de existir. É o Xardín de San Carlos. Este lugar foi a miña primeira imaxinación do Paraíso. E ao irme da cidade entendín mellor a expulsión de Adán. Vostedes coñecen a historia de Moore, así como a de Lady Stanhope, que aínda se nos segue aparecendo como me contou Álvaro Cunqueiro un día dos moitos que o acompañei ás súas conferencias anuais na Asociación Cultural Iberoamericana presidida polo poeta, profesor e bibliotecario Miguel González Garcés. A esta institución, da cal o seu vicepresidente era o meu tío Antonio, débolle moitísimo. Nela, con apenas doce anos, aprendín os rudimentos da xestión cultural, nos anos difíciles da censura. O relato imaxinativo cunqueiriano transmitinllo, in situ, ao propio gran narrador Graham Greene, familiar xa afastado do heroe británico. E tamén, por suposto, coñecen a historia dos vencedores napoleónicos do xeneral Soult. O xardín en si mesmo e coas súas vistas xa é dunha beleza enorme. Pero, ademais, colgan dos seus muros dúas lápidas marmóreas que acollen os poemas extraordinarios de Rosalía de Castro, en galego, e de Charles Wolfe, en inglés. Non vin, nas miñas moitas viaxes polo mundo, inscricións poéticas tan longas. Quizais subindo á Tumba de Virxilio, en Nápoles. Este verso de Rosalía, por exemplo, resume o sentimento que sempre teño ao atoparme alí: «Tomba mellor que a que atopou n'achara». Tamén escribín moito sobre Wolfe, mais non vén ao caso aquí.

O que si queredría subliñar é que o último verso escrito polo sacerdote irlandés feríume desde o primeiro día que, sendo neno, paseabamos o meu pai e eu por este parque veciño á casa dos seus pais, os meus avós, en Orillamar. O meu pai explicoume de que trataban ambos os poemas, traduciu á súa maneira versos dun e outro, pero o que el me

sinalou co seu dedo índice dereito foi este último verso: «But we left him alone with his glory». As dúas grandes elexías non compiten entre si. Rosalía é unha dos grandes poetas (e non só femininas) europeas do romanticismo, no noso país moi tardío; mentres Wolfe é practicamente o autor deste poema que si se coñecía e se recitaba nos colexios británicos. Wolfe conta as últimas horas do heroe loitando, e xa ferido, na súa longa agonía. Tamén describe pormenorizadamente o seu enterro. Personaxe e poeta están á altura dos da Iliada.

Todo parece ser a exaltación dun sacrificio, e a gloria a recompensa que o ultrapasa, mais non é así. E non o é soamente por unha palabra que cambia o sentido de todo o poema: «alon». Se o verso tivese prescindido desta representación gráfica, a elexía podería compartir o mesmo espírito que un himno, mais ao aparecer esta palabra, a elexía transfórmase en toda unha reflexión filosófica. A gloria non é suficiente, a coroa de loureiro tampouco. Como escribiu Goethe na súa obra teatral Torcuato Tasso (acto terceiro, escena cuarta): «A coroa de loureiro, alá onde a vexas / é máis un sinal de desgraza que de dita». O propio poeta manifesta o seu pensamento tamén sobre si mesmo: a soidade na que escribe, o desamparo no que viviu e a súa cedía morte. El, nin sequera, con ningunha gloria. Ao principio pensouse que era un soldado que puxera en versos o que el vivira.

Pero non, non, xamais estivo en Coruña e non participou en ningunha guerra. A súa materia literaria obtívola dos libros de historia. Sobre todo da obra de Robert Southey, Historia das guerras napoleónicas na Península Ibérica (1817). O seu poema, até comezos do século XX, non foi coñecido. «Vas as proezas que non tiveron grandes poetas», dicía Horacio. O verso de Wolfe vén dicir que todas as proezas son vas porque, ao final, o heroe queda só envolvido en si mesmo como calquera outra persoa. Hai moito determinismo, resignación, moito estoicismo e, sobre todo, un nihilismo desbordante. Que é mellor, parece preguntarse o poeta, ter unha fama póstuma ou un esquecemento plácido? Montaigne dicía que o consolo máis falso era a fama póstuma. Wolfe parece que nolo está a lembrar. É misterioso o verso pero el quere acabar toda exaltación botándonos por encima un xerro de auga fría e só coa introdución dunha palabra totalmente innecesaria, se non fose polo xogo co lector que fai o poeta. O normal sería «But we left him his glory», algo

así como «e deixámolo coa súa gloria», ou, «e deixámolo coa súa eterna gloria», ou «e deixámolo coa súa inmensa gloria» ou coa súa «conquistada gloria». Mais non, «el só coa súa gloria».

*Lenta e tristemente pousámolo  
Cubríndoo coa fresca e ensanguentada  
terra da súa fama.  
Nin lousa, nin epitafio puxemos.  
E deixámolo só coa súa gloria.*

Wolfe, tiña fe? Non hai curiosamente ningunha referencia ao Alén. Non esquezamos que era un clérigo. Tanto no Libro de Xob como nos Salmos, a esperanza que necesitamos para o consolo depende de que a fe dea sentido á nosa existencia. A guerra tiña sentido para Wolfe? O difícil é como manter a fe ante o sufrimento, a perda e a morte. Xudeus e cristiáns negáronse a aceptar que nacemos para sufrir e morrer. Hai consolo na obediencia, pero non na resignación. Xob nunca se resignou, e Deus devolveulle a dignidade que lle capturara. O poema de Wolfe achégase máis ao sentido dos Salmos que son á vez cantos de loanza e lamentación.

Ademais de polo exilio xudeu, pola soidade e a desolación individual. Disto falan os versos dedicados a Moore. Que consolo obtén o xeneral, a gloria?, pero a soidade é máis poderosa que a gloria. A gloria consola mais, polo xeral, é un consolo póstumo inalcanzable; mentres que a soidade desconsola porque é máis real. Na súa loita entre a fe e a dúbida, en Wolfe parece triunfar a dúbida. A fe, a gloria, non aseguran ningunha certeza. A desesperación pola morte, mesmo no campo de batalla, é una forma de esperanza. A propia morte é unha maneira de consolación pois é deixar xa de sufrir, como escribiu Boecio na súa *Consolatio philosophiae*. O que resalta Wolfe é que Moore asumiu o seu destino. Moore, na súa agonía, seguiu ordenando a batalla, en retirada, despedíndose dos seus máis próximos. Pediu, por exemplo, que lle transmitisen a Lady Stanhope os seus respectos. O amor máis poderoso que a morte

ou viceversa? O amor unha consolación. A morte é o mesmo que a vida anterior ao nacemento de cada un, dicía Hume. E eu concordo.

Hoxe, á entrada do Xardín de San Carlos e fronte aos poemas citados, deberían (dígoos con ironía e bo humor) estar estes outros versos que escribiu Bertolt Brecht, un alemán. Pero non como os que xacían no noso xa desaparecido Cemiterio civil, tamén en San Amaro, coa cruz gamada; senón simpatizante e partidario do outro bloque totalitario, aínda que coas súas disidencias. O poema leva por título *Os anos berlineses*

*Isto que aquí ledes está escrito en verso!  
Dígovolo porque talvez xa non saibades  
Que é un poema nin tampouco un poeta!  
En verdade non nos tratastes ben!*

A Torre de Hércules é outro lugar emblemático da miña vida. Sempre iluminándome desde pequeno. Fixen por ela o que nin eu mesmo xamais puiden soñar. E teríamos realizado moitos outros proxectos, por exemplo, o CIRCE. O Centro Internacional de Recursos para a Cultura Europea. Xa todo estaba en marcha en Bruxelas. Para iso se cedeu o Goberno militar como sede. Non vou meterme en batallas do pasado. Algún día chegará que algún membro desta mesma institución investigue todo o que se puido facer e non se fixo. A Torre, onde queira que estea, segue a iluminar a miña vida. Canto máis avanzo nos anos, máis náufrago me sinto.

Os meus versos, que figuran na propia Torre comidos polas galernas e o salitre, explican moi ben os meus sentimentos cara a ela e cara a todos nós.

*Na noite sega a herba de ouro.  
Siluetas perdidas viven da súa vida,  
coma min,  
e as estrelas fugaces*

*que van cal suco aberto  
na espuma do mar tras os buques.  
Diríase que o seu ollo, ao que ilumina a esperanza,  
tamén brilla eterno na outra beira.*

O faro, a súa luz, non só ilumina a terra, senón o máis Alá. De pequeno, pola noite, asomado á xanela do meu cuarto, esforzábame, cuns prismáticos, en traspasar o último raio de luz que mostraba un horizonte inmenso tras a vista.

Os mortos que amamos nunca escapan á nosa memoria. Sempre aforro un tempo das miñas visitas para ir a San Amaro. Non á praia onde aprendín a nadar e vin como se desmochaba un bonito outeiro para construír o dique de abrigo, senón ao cemiterio. Toda a miña familia paterna e materna, durante xeracións, viviron entre a rúa Panadeiras-Orillamar-rúa da Torre-Miguel Servet (onde nacín) e Curros Enríquez, que hoxe é o meu segundo domicilio despois de Madrid. Nacer nunha rúa con ese nome sempre me impuxo moito. E habitar en Curros Enríquez é outra agradable casualidade para un poeta. A primeira vez que fun a Xenebra percorrín o viacrucis de Servet, o noso gran polemista e médico aragonés axustizado por Calvino. Regresando ao noso cemiterio mariño, debería haberse conservado mellor e ser máis respectado. Era a mostra dunha bela tristeza que os inxentes nichos foron murchando.

*Regreso, regreso, paso a paso, a mi ciudad que conozco  
hasta donde nacen las lágrimas en los afluentes de los ríos secos,  
hasta las venas, hasta las inflamadas amígdalas de cuando niño  
y el médico me las sajó y luego las pinchó mientras salía  
el pus como de una fuente.  
Reconoce pronto tu primer día septembrino  
y llora y llora hasta inflamar las glándulas.  
Desde entonces ¿cuántos campos de maíz  
doblados por el tiempo?  
Mezcla azúcar y brea, mezcla sal y brea.  
Calafatea tu corazón como cuando, en tu juventud,*

*camino de la playa de San Amaro, veías  
construir los botes en los astilleros de ribera.  
Sobre las blancas dunas lloverán mis lágrimas  
esta noche, lagrimas como palomas de cristal.  
Regreso, regreso y el viento cuelga  
mi cabello sobre un enebro dorado.  
Regreso, regreso y el faro me da a beber  
su aceite como el ricino  
de los muchos días malogrados.  
Coruña, tú tienes todos mis números de teléfono.  
Tú tienes todas mis frecuencias de radio.  
Tú tienes todos mis correos electrónicos.  
Yo aún dispongo de las direcciones  
de las casas, pero las calles han cambiado de nombre.  
Yo aún tengo los números de teléfono  
para escuchar en los contestadores  
las voces de los muertos.  
Mis muertos indicándome que los deje en paz.  
Regreso, regreso a mi ciudad donde ya nadie me espera.  
Las casas derrumbadas. Las casas habitadas  
por otros que no me conocen.  
Donde era vecino ahora soy extranjero.  
Un rayo cae sobre la Torre de Hércules  
y le saltan los goznes  
y la fachada prende como un petrolero incendiado.  
Vivo escondido en tu escalera de caracol,  
y en la sien me golpean las sirenas perdidas en la niebla.  
Y toda la noche, sin descanso, espero la visita anhelada.  
La de mi padre, que no encaneció.  
La de mi madre, que viene a consolarme  
como nadie jamás volverá a hacerlo.  
¡Oh vellocino reflejado en el agua!  
Mi estandarte en el pináculo del faro.  
Y los teléfonos descolgados.  
Y el azul es el color de la ciudad.  
Y el azul, el propio azul añil de la ciudad,  
Es como el de los cuadros de Patinir.*



Para min entrar nesta Institución que coñezo desde hai xa varias décadas, e na que traballei no legado de Salvador de Madariaga, a quen coñecín aquí, na súa cidade natal, cando xa puido regresar do seu exilio, ten un significado moi especial. A súa axuda e a da súa muller foron fundamentais para organizar a gran exposición que comisariei tanto para o Kiosko Alfonso como para a Biblioteca Nacional en Madrid, sendo alcalde da nosa cidade o sempre lembrado Francisco Vázquez, embaixador de España. Testemuño de todo isto foi o gran catálogo, hoxe peza bibliográfica inencontrable. A Coruña sempre foi unha cidade cosmopolita. A constante chegada de buques ao noso porto traían consigo o contacto con outras culturas e linguas diversas. Por aquí desembarcaron en Europa grandes escritores e artistas de todo o mundo. A cidade bulía, e esa riqueza aínda a podemos contemplar meses maxestos edificios modernistas de aires berlineses ou vieneses.

Ao fío de todo isto, o noso idioma galego tamén adquiriu unha revalorización e presenza fundamental, como todos vostedes coñecen. Salvador de Madariaga é a mellor expresión do cosmopolitismo e europeísmo desta cidade. El foi un dos pais fundadores do que hoxe se denomina Unión Europea. No Instituto «José Cornide» atopeime con gran parte da súa biblioteca e un arquivo excepcional e valiosísimo.

Cartas de grandes escritores que, ademais, eran os seus amigos. Entre outros moitos: Perse ou Camus, Premios Nobel de Literatura; ou o gran Paul Valery. O autor dun dos máis grandes poemarios do século XX, O cemiterio mariño, escribiu aquel famoso texto que comeza así: «Nós, as civilizacións, sabemos agora que somos mortais. E vemos agora que o abismo da Historia é suficiente para o mundo enteiro. Sentimos que unha civilización ten a mesma fragilidade que unha vida. Todo pasou en Europa e todo pasou. Ou case todo. Manterá a súa preeminencia no futuro?».

Estas palabras son de grande actualidade aínda que teñan sido escritas hai xa moitas décadas. Valery morreu nada máis finalizar a Segunda Guerra Mundial, mentres que Salvador de Madariaga seguiu traballando pola unidade europea, para evitar que no noso continente se volvesen producir outras guerras civís. Valery, Madariaga e outros grandes intelectuais crían necesario desfacerse de todo nacionalismo e, mesmo,

de toda idea de nación. O poeta francés escribiu: «Unha nación debería estar muda sobre as súas glorias e non falar nunca de si mesma». O nacionalismo volveunos traer a guerra a Europa. Primeiro, na ex Iugoslavia, e agora en Ucraína. Rusia, para min, sempre foi Europa. E, a pesar do seu autócrata, séguese sendo.

A pandemia foi un dos momentos máis trágicos da nosa vida. Algo inesperado, difícil de crer. Non só atentou contra a nosa saúde, senón tamén contra a nosa liberdade. Nese instante en que a xente comezou a morrer, e moitos moi próximos, a miña atención volveuse cara a Galicia. E o primeiro que fixen foi escribir estes versos de compañía baixo o título de: *De como veu a nós o silencio*. Poema ou oración? Era un silencio que xamais o escoitara ou sentira igual. A cidade absolutamente baleira. Nin vehículos nin persoas. Todos os establecementos pechados. Eu podía saír á rúa grazas ao meu can. Aínda así, un día ao amencer, fomos abordados por dous policía de paisano que levaban pintas de esmoleiros estranxeiros. Ningún policía me parara desde o franquismo.

*As gaivotas, os corvos mariños, as pitas do monte de Galicia,  
e toda a fauna que comparte o espazo  
coa angustia do baleiro do inefábel,  
deixaron de cantar neste innecesario mes de marzo.  
Do Cabo Ortegal ao de Fisterra, desde as illas Sisargas  
até as de Ons, desde Mondoñedo a Celanova,  
de punta a punta do noso salobre e húmido país,  
onde o vento e a chuvia fan visíbeis os rostros  
e os signos escondidos nas pedras.  
A música atonal a que o grande silencio convida,  
ese baleiro murmurio do fundamento aniquilador,  
que nos fai dubidar até do remorso.  
Rosalía escoitouno baixo o tanxer das campás,  
e Manuel Antonio na ponte de mando  
do seu cargueiro avistando Cabo Vilán e a Torre de Hércules,  
e Pimentel no seu hospital de incurábeis  
onde non hai orgullo que valla.  
E, de novo, agora, nós, tamén.*

Escritor, docente universitario, xestor cultural e outras cousas máis que me pediu a vida. Pero, sobre todo, un camiñante e lector. E como non podía ser menos ao longo de tantos anos, xunto coa miña muller, Mercedes Monmany, ela mesma escritora, crítica literaria, tradutora e editora, reunimos unha inxente cantidade de libros moi seleccionados. Imaxinen vostedes dúas persoas, desde o ano 1975, convivindo xuntas e dedicándose ao mesmo desde aquela. Libros en varias linguas e, moitos deles, dedicados por algúns dos máis grandes escritores contemporáneos, cos que, alén de gozar das súas obras, partillamos a súa amizade. Moito desta biblioteca, arquivo e epistolario xa forma parte, desde o ano 2005, dos fondos da Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña, situada no edificio do Teatro Rosalía de Castro.

Calquera de vostedes pode entrar na súa páxina web e comprobalo. Aparece baixo o rótulo de Legado César Antonio Molina-Mercedes Monmany. En todo isto tamén participou a nosa única filla Laura. Libros de literatura en todos os seus xéneros, de historia, de política, de arqueoloxía, de filosofía, de viaxes, de cine, de historia das relixións e un longuíssimo etcétera. Só teño palabras de agradecemento para as dúas directoras con quen colaboramos nestes anos, Loli Liaño e Carmen Ferreiro, e os seus equipos; así como cos funcionarios da Deputación, encabezados por Luis Jaime Rodríguez. E sempre agradecer tamén, e lembrar, que a cesión foi unha proposta do Presidente da Deputación por aquelas datas, Salvador Fernández Moreda, coa complicidade logo dos diferentes presidentes. E aproveito este inciso para tamén agradecer o inxente labor que María Jesús levou a cabo durante corenta anos en situacións ás veces moi complicadas. E lembrar a Garcés, Naya, Díaz Pardo, Barbeito e a meu amigo e admirado, Felipe Senén. A doazón continuará até a desaparición dos seus doantes. Este é o mellor legado que poderíamos deixar á nosa cidade. A miña cidade natal, a cidade cónxuxe da barcelonesa e catalá Mercedes Monmany, e a moi querida da nosa filla Laura, madrileña de nacemento e parisiense de residencia.

O exemplo de Salvador de Madariaga influíunos moito.

E xa conclúo cun último poema que se titula *La primera noche de la quietud*, pertencente ao meu libro *Para no ir a parte algunha*. Un poe-

ma escrito xa hai anos cando aínda a morte non dá medo porque se ve aínda a moita distancia. Imaxinei que algún día a miña alma, caso de habela, sairía pola Porta de San Miguel ou do Cravo e percorrería os mares até se aposentar en non se sabe onde.

*¿Cuántos años después,  
al salir por la Puerta de San Miguel o del Clavo,  
las luces de qué faro me iluminarán?  
¿Estarán aún Villano, Hércules, Eddystone o Cordouan  
todavía inmóviles alzados en el mar,  
temblando perpetuamente sin ser derribados?  
¿Serán ya esplendorosos mausoleos de ceniza  
o todavía fuego y agua  
que sobre estas obras no cesan de verter  
dos inmortales: Júpiter y Neptuno?  
¿Y por el ébano líquido del Mar de las tinieblas  
me avisará, al llegar a los bajíos, la campana de Bell  
Rock  
o solamente ulularán los acordeones del Salier  
que el oleaje bate en sus fuelles?  
¿En el agua dulce, salada, tibia,  
me perderé por entre esas barcas extranjeras  
en las que a nadie se ve,  
y sin embargo, están tan repletas  
que hasta a la Muerte le da miedo zozobrar?  
¿Parto o retorno como un eterno reemplazante?  
¿Y es la luz de la luna o la de los faros  
quien me lleva hacia el hueco del mar  
con un voluptuoso balanceo que es como el de los pensa-  
mientos  
que flotan en un alma cuyo pasado es un agua profunda?  
¿Y si el Mar de las tinieblas,  
con su agua color de tinta china,  
se hubiese desecado y fuese ahora  
un gran desierto de cascos náufragos  
con todos los nombres brillantes en sus quillas  
como antiguos remordimientos que no quieren dormirse,*

*por dónde entonces mi nave que se deslizaba por la ruta  
cerrada?*

*Pero todo ha de estar en su lugar:*

*la espuma brillando como una llama mojada,*

*bocinas que suenan como sistros,*

*la noche, como un regazo, acunándolo todo.*

*Y en este océano donde aprieto con pasión la ola contra  
el pecho*

*más ligero que el corcho, más ligero que la espuma,*

*me sumerjo para poder surgir*

*mientras todas estas palabras hacen agua.*

MOITAS GRAZAS



Contestación a cargo do Membro de Número do Instituto:

«José Cornide» de Estudios Coruñeses

**Sr. D. FELIPE SENÉN LÓPEZ GÓMEZ**





## **A** Coruña como *Ítaca* na odisea vital de César Antonio Molina

Miñas donas, meus señores

*E do desexo nace a pena*

*de non coñecer.*

*De onde ven o temor?*

*De onde ven o Eume?*

*Imos a*

*ningures*

*Cantas fronteiras teremos aínda que cruzar para chegar á casa?*

( C. A. Molina, *Eume*, 2007)

*Nuestras vidas son los ríos que van a dar en la mar que es el morir...*, iso concluía poeticamente no século XV o palentino Jorge Manrique. Filosofar equiparable ao devalar ou devenir heraclitiano ao nada hai permanente ou á teoría de Cézanne pintando o Monte de Santa Victoria, pola mañá, noutra volta á hora do cénit solar, despois cando o lusco-fusco, no inverno, no verán... dende a esquerda, dende a dereita... E así sempre unha visión distinta. Por algo Picasso elixiu as abas daquel monte provenzal, a carón do castelo de Vauvenargues no que erguer o túmulo funerario que lle dá sepultura e sobre del a figura de bronce de traza ibérica, a Gran Dama, a que alza ao ceo o facho, a Luz, copia que compartiu espazo co *Guernica* no *Pavillón de España* na *Exposición Internacional de París do 1937* e hoxe ambos no Centro de Arte Con-

temporáneo Reina Sofía. E ben sabe desta espiral, do devalar na busca da Luz, César Antonio Molina Sánchez, polígrafo, poeta de nostalxias, autor entre tantos libros, dun ben significativo, *Eume* (2007): o río que nace no Xistral para crear esa nosa máxica Brocelandia que son as fragas sobre as que se ergue o Caaveiro de San Rosendo e dos seus mitos, para rematar peiteado pola ponte medieval dos Andrade, baixo o monte sacro do Breamo... Augas nas que se reflicten todos os ríos da Terra, o Ganges, o Éufrates, o Nilo, o Danubio, o Tíber... o Douro... o Amazonas, o Río da Prata ou o Mississippi: a auga como un dos *Catro Elementos*, o fluír do río dende a fonte, como a vida dende Galicia, a confluencia no universo, nun océano que se confunde co estrelecer das galaxias. O río como viaxe a enxergar, a través da palabra a cultura que crea, o seu devalar no espazo e no tempo. Versos que, como o poemario *Para el tiempo que reste* (2020) definen as inquedanzas do noso eterno viaxeiro, o que busca convivir con pasados, co futuro, coa dignidade de existir, vivir para contar. Coincidimos en que César sempre tivo moi nas súas miras esa viaxe espacial e temporal, enxergando sobre figuras e canto aconteceu e acontece nas ribeiras, dese río que artella a *Mitteleuropa* que é *O Danubio* (1988), novela-ensaio do seu admirado Claudio Magris: un desafío contra o esquecemento, cun valor singular neste noso país do Leteo.

César leva o fardelo do viaxeiro cargado de ansia de enxergar, como viaxeiro ilustrado que é, herdeiro do peripatetismo aristotélico e ilustrado: entre camiñar e filosofar, practicante pois do *tourisme éclairé*, o que caracterizou a Stendhal, a Chateaubriand, a Norman Lewis ou a Jan Morris... fonte de inspiración na que tamén bebeu noso Otero Pedrayo. Alixéirase tal equipaxe coa forza do amor, o peso da significación do *Fin de Finisterre*, terra e mar, confín, cabo que tanto significa, o Faro de Hércules, o couto máxico do Xardín de S. Carlos... Espazos que forman parte do ADN literario que nos trae aquí, para desvelar as inquedanzas coruñesas, de liberdade e esperanza que latexan na súa obra. Sentir que latexa na antoloxía poética recollida baixo a suxestión do título de *El rumor del tiempo* (1974-2006): o cultivo dun mesmo, a meditación, o espírito, en definitiva a espiral do humanismo.

Todo recorrido vital da obra de César Antonio Molina Sánchez é concibido como unha viaxe, un xeito de *peregrinatio* circular, cunha Ítaca de

partida e referencia, odisea persoal entón. Ao respecto aquece lembrar o poema *O camiño dos Magos* do poeta contraño Thomas Stearns Eliot, esa viaxe cara ao Oriente, seguindo estrelas que desemboca nun berce de Nacemento, de esperanza... como no noso Occidente o camiño de estrelas leva aos peregrinos a un Sartego que tamén move ilusións, fantasía, poesía. E como non, na mente o poema *Ítaca* de Constantino Kavafis, poeta nacido entre as nostalxias do faro de Alexandría: ... *pide que o camiño sexa longo,/ cheo de aventuras, cheo de experiencias/ sen temer aos lostrigóns, nin aos ciclopes,/ nin ao colérico Poseidón.../os que xamais atoparas no camiño/ se o pensamento é elevado, si singular/ é a emoción que tanxe ao teu espírito e ao corpo.../...Ten sempre a Ítaca no teu pensamento,/ chegar alí é o teu destino.../ Mais non apresures nunca a viaxe/ mellor que dure moitos anos,/ e atracar vello, xa á Illa/ enriquecido con canto aprendiches no camiño/ sen esperar que Ítaca te enriqueza/ Ítaca ofreceuche atan fermosa viaxe/ sen ela non terías collido o camiño/ pero non ten nada que darche/ aínda que a atopas pobre, Ítaca non te enganou/ Así sabio como retornas, con tanta experiencia/ saberás o que significan as ítacas.*

### **A desafiar as augas do Leteo, o río galego do esquecemento**

Momentos como este que nos traen aquí deberan ter tamén unha pinga de senso rebelde, o de non deixar que a rutina das augas do mítico Leteo asolaguen o máis puro sentido das palabras, tampouco da memoria, que é a nosa historia, e con ela recoñecementos e agradecementos debidos. Lembraremos entón que, con data 28 de marzo de 2022, recoñecendo tanto camiño andado contestaba ao teu discurso polo nomeamento como *Académico de Honra* da *Real Academia Galega de Belas Artes*, a que agora cumpre cento setenta e cinco anos de historia ininterrompida. Corporación, sempre tan unida á historia da cultura da Coruña e de Galicia, creadora da *Escola de Belas Artes*, na que se forma, nin máis nin menos que Picasso, sabedor de tantas aventuras e desventuras entre anxos e demos, así como escola doutras xenialidades, creadora do Museo de Belas Artes, coa proposta de creación do *Museo Arqueolóxico* no Castelo de San Antón, e de tantas iniciativas. Acto aquel, debemos seguir lembrando, que o profesor, escritor, humanista César Antonio Molina desexaba fora no paraninfo do Instituto Eusebio

da Guarda, por canto significa, tal ecléctica edificación, escola aberta ao *Ensanche* coruñés e ao florecer dun Romanticismo no que Murguía e a Pardo Bazán, os que abrían ao Modernismo, eran caras distintas dunha mesma moeda. Edificación centrada entre Riazor e a Praza de Pontevedra e rúas que conducen a un porto de continuas arribadas e partidas. Máis daquela non poido ser o sitio que pretendíamos para tan solemne acto académico, por estar aqueles espazos en obras. Escolleuse entón o salón de actos da nova *Escuela de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso*, nos Pelamios, mirando ao Golfo Ártabro, ese barrio do Monte Alto, de tantas nostalxias e tan latexante no corazón da vida e na obra de César Antonio Molina.

O feito que hoxe nos trae aquí, a esta Ítaca de ida e volta, aínda que serodio, ten o seu significado que é a posta en valor das nostalxias, o *leitmotiv* da obra de César Antonio Molina: envolta arredor da Luz da Torre e dese *Pequeño square de mi barrio* que dicía a Condesa Pardo Bazán do Xardín de San Carlos, xardín-tumba centrado polo cenotafio de John Moore. Espazo que couda nostalxias, a historia dunha batalla perdida en Elviña e un amor de novela fendido o da exótica viaxeira, Lady Hester Lucy Stanhope, a que habitou no Templo de Baal Shamin en Tadmor, a Palmira siria, tan coñecida e descrita por César... Por onde, entre as sombras e as compañías imaxinamos a Miguel González Garcés, recordado por César Antonio Molina, teoría esencial a varias xeracións de escritores e creadores da posmodernidade.

### **O devalar construíndo o humanismo entre a interacción das artes**

É nestas páxinas onde resaltar, unha vez máis, tan rica e experimentada traxectoria andada, mesmo dende os anos de universitario na *Facultade de Dereito* de Compostela, animando aquel referente que foi o *Cine Club*. Continuando a súa formación na Complutense e na *Facultade de Ciencias da Información*, doutorándose co traballo *La prensa Literaria Española*, páxinas onde a Coruña do Modernismo atopaba importante sitio, recuperando, estudando, colaborando a unha nova edición e espallando a revista *Alfar*, todo un fito. Querido profesor da *Complutense*, así como na *Facultade de Humanidades e Periodismo*

da *Universidade Carlos III* de Madrid, coordinando cursos de verán en El Escorial. O recordo do profesor César Antonio Molina, as súas ansias de lectura, da viaxe, de enxergar todo acontecer, quedará moi prendida no seu alumnado.

Entre os anos 1985 e 1996 César Antonio Molina exerceu como xornalista en *Cambio 16* e en *Diario 16*, prensa que marcou un fito en anos tan decisivos para o que supón a recuperación de liberdades, sendo director axunto e responsable das páxinas de Cultura, crítica literaria e de espectáculos, onde a presenza de creadores e aconteceres galegos era habitual.

Dende 1996 ao 2004 exerceu como Director do *Círculo de Bellas Artes*, devolvéndolle a tan singular espazo arquitectónico, obra do porriñés Antonio Palacios, unha nova vida, acorde cos tempos, co sentir revitalizador cultural, situando a este centro no panorama cultural europeo. Anos nos que esta institución cultural madrileña foi un referente en canto a súa xestión.

Do 2004-2007 Cesar Antonio Molina exerceu como Director do *Instituto Cervantes*, incorporando a súa actividade as diferentes linguas do Estado, así como a canto significaba a creación e novamente a cultura de Galicia moi presente no mundo.

A 6 de xuño de 2007 foi nomeado *Ministro de Cultura* do Goberno presidido polo socialista José Luis Rodríguez Zapatero. Nas eleccións xerais de 9 marzo do 2008 como candidato do PSOE obtén a acta de deputado pola provincia da Coruña. Tras a remodelación do Goberno realizada a 7 de abril do 2009 cesa neste cargo ministerial. Compre dicir que nos anos de César Antonio Molina no Goberno de España, Galicia e especialmente a Coruña estiveron moi nas miras e sobre a mesa do seu ministerio. Entre os primeiros asuntos rescatar os traspapelados informes para a declaración da Torre de Hércules como *Patrimonio da Humanidade*, o que se conseguiu na 33 reunión do *Comité de Patrimonio Mundial* da Unesco celebrada en Sevilla do 22 ao 27 de xuño do 2009. Momento no que tamén o seu ministerio, entre moitas outras cousas non só recupera para uso cultural o antigo Goberno Militar da coruñesa rúa Veeduria, senón que o dota de partidas para a súa rehabili-

tación, soñando, como algúns, revitalizalo e con el a Cidade Vella, cun centro que acolla e propague eses valores herdados da ilustración, que pasan polo coruñés Salvador de Madariaga para chegar aos nosos días. Non debera ser difícil hoxe tal proposta, cando o mesmo partido de cariz progresista goberna ambas dúas institucións de carácter municipal (Deputación e Concello da Coruña). O Ministro de Cultura alivia con axudas á paupérrima e centenaria *Academia Galega de Belas Artes*; dálle continuidade á expropiación e as escavacións arqueolóxicas no singular Castro de Elviña, quizais a «céltica» *Brigantia* fortemente romanizada, onde mesmo se proxecta un centro de recepción de visitantes co seu museo de sitio deseñado polo arquitecto Gallego Jorreto. O importante papel do ministro da creación e dotación de fondos na Coruña do *Museo Nacional da Ciencia e da Tecnoloxía*, item máis, as axudas ao Palacio da ópera...

Do 2010 ao 2017 César Antonio Molina será nomeado Director de la *Casa del Lector (Centro Internacional para la Investigación, el Desarrollo y la Innovación de la Cultura)* en Madrid.

### **O papel informativo e formativo das bibliotecas e dos museos na era das novas tecnoloxías**

Toda unha vida a de César Antonio mergullado en canto significa a cultura, como teoría e máis como praxe nos centros cos que participa, na evolución da creación artística, literaria e na actualización do universo das bibliotecas, como poucos experimentado neste detonante da cultura que son estes centros que convidan á lectura e polo tanto ao pensamento, ao cultivo da palabra e á solidariedade. Pola conta que nos ten, pola necesidade de facelo puidéramos centrar esta perorata en tal tema, cando no brete están estas institucións de palabra, lectura, imaxinación e acción, as bibliotecas e a tan importante como el, *tandem* imprescindible que é a súa compañeira Mercedes Monmany, xornalista, escritora, crítica literaria, tradutora, editora, saberes e ilusións compartidas, os que foron construindo con amor e saber tal legado vital para sumalo conxuntamente á *Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña*. A obra de César é de libros e viaxes, xira pois arredor deses libros, os que tanto convidan a unha viaxe interior como exterior.

Agora mesmo teño entre mans a edición de Montse Muriano Rodríguez, titulada *Habitando historias, 10 experiencias arredor do libro e da lectura* (2019) unha reflexión de profesionais, que profesan o que fan, sobre a xestión activa, a capacidade sedutora que poden ter estes centros na era d@s *influencer* e do seu antónimo: d@s sometid@s, d@s influenciad@s, das propagandas, dos supermercados, dos timos, dos enganados... a necesidade de enxertalas na realidade, nunha actividade constante. Todo para o que se necesita dotalas de espazos e de profesionais cualificados, de liberdade. Páxinas, como as de Molina, nas que latexa a ansia por quitar orelleiras, as gafas mentais, por contribuír a liberalizar o universo que é cada persoa, unidade da sociedade, a través da lectura e da viaxe, enxergando (que é poñer os cinco sentidos, máis o saber e a intuición) en cada espazo e en cada tempo, buscando a igualdade, o humanismo, interaccionando co o mellor que poden facer os seres humanos, o cultivo da palabra e das artes.. Teoría de humanismo que debe propagarse dende a escola, dende a casa, entre amigos, dende os medios, complemento audiovisual, dos plasmas, cine, música... a obra de César caracterízase por esa interacción inacabada -propia tamén das bibliotecas, as que deben concibirse como centros inacabados, sempre atentas ao devalar, a información para a formación en valores de igualdade e humanismo- polo integral e con certo panteísmo, tan galego, *cando se arrinca unha herba trema o universo*, dicía o *fratello* de Asís. Autor de máis de medio centenar de títulos, onde non faltan os relativos á súa cidade e a Galicia.

Recoñecido pola súa cidade, por Galicia: *Premio Fernández Latorre* (2004). *Cabaleiros das Artes e das Letras de Francia* (2005). *Caballero de la Gran Cruz de la Orden de Carlos III* (2009). *Gran Cruz da Orde ao Mérito da República Italiana* (2009). Membro da *Orden al Mérito de Bernardo O'Higgins* (Chile 2009). *Doutor Honoris Causa* de varias universidades, como a de Nápoles, a Oriental (2009). *Medalla Castelao de Galicia* (2010). *Medalla de Ouro ao Mérito da República de Serbia* (2017). *Premio Literario das Letras de Bretaña* (2007). *Premio Internacional de Periodismo Ciudad de Cáceres* (2015).

### **César Antonio Molina reconecido e esperado no Instituto «José Cornide» de Estudios Coruñeses**

Direi que, antes e despois do meu discurso de acollida nesta ilustre corporación co nome do Ilustrado Joseph Cornide -acto celebrado un simbólico día do San Martiño, o dos Magostos ourensáns de 1989, disertación á que pretendía darlle un senso práctico, na que reivindicaba como conservador do *Museo Arqueolóxico Provincial* da Coruña albergado e afogado entre as sólidas estruturas do Castelo de San Antón, abondando sobre as prioritarias débedas arqueolóxicas e museolóxicas cos significativos monumentos da Antigüidade coruñesa, como o Castro de Elviña e a Torre de Hércules- fun animado e axudado en tal misión por membros de sobranceiras institucións coruñesas como o *Instituto José Cornide*, a Academia Galega e a de Belas Artes. Corporacións e na que máis, neste *Instituto de Estudos Coruñeses*, tiña escoitado e con énfase, acoller nela a quen hoxe nos reúne aquí, para pasar o tempo envolta a xunta directiva desta Institución na procura do seu fin de ser, como órgano consultivo do Concello, abondando nos estudos coruñeses, así como na súa independencia, como un xeito de garantir a democracia, tratando de regularizar a situación do seu persoal, un lidar continuo entre burocracia. Direi que un dos máis insistentes naquel desexo de incorporar no Instituto José Cornide a César Antonio Molina foi don Juan Naya Pérez, figura singular, *factotum* nun silencio de constancia, como secretario na vida destas institucións, conservando e incrementando o legado dos románticos precursores, para o que por eles foi educado, conformando arquivos e bibliotecas, coidando a edición de boletíns, sempre servindo á memoria... e mesmo dende un sentir xenuinamente coruñés, liberal, democrático, dende unha irrenunciable cerna republicana, pese á escuridade do túnel, da *Longa noite de Pedra*. Así é que a don Juan Naya -amigo de sempre do tío de Cesar Antonio Molina, o xornalista, escritor e presidente do Partido Radical, demócrata, Delegado do Consello de Galiza en París... don César Alvajar Diéguez- (Coruña 1892 - París 1965), escoiteille dicir que César Antonio Molina debería estar no Instituto José Cornide. Xa que, como cronista da cidade, bibliotecario e arquivista da Real *Academia Galega de Belas Artes*, ben sabía que César, o que, dende neno, herdaba ese facho de luz, prendido no faro romano, de canto significa a aura cultural da cidade. Ben se sabía da vella colaboración daquel mozo do Mon-



te Alto, Molina Sánchez investigando sobre a orixinalidade literaria e artística da súa cidade. O tempo pasou, entre anos de significadas mudas políticas, ditadura, transición, creación do estado das autonomías, cambios no concello, a loita por consolidar os fins do Instituto como un órgano autónomo, consultivo da administración local, así como espazos e persoal para atender e procurar legados históricos, entre eles conseguida a do naturalista López Seoane e a do polígrafo Salvador de Madariaga, e canto significan para o Instituto José Cornide. Cidade, como ben se di berce da Unión Europea por canto significou Salvador de Madariaga nestas teimas: confluír de pobos moldeados polo clasicismo e o humanismo, a filosofía grecolatina e tantos neoclasicismos e renacementos sucesivos, onde se abriron pórticos no que conflúen camiños, como Compostela, confín onde os bos e xenerosos abandeiraron a irmandade, aquilo que mesmo o estatuto de Galicia refería nos seus primeiros artigos: *Galicia célula de universalidade* que ven a ser o mesmo que significa universidade: unidade na diversidade... e niso, amigo César, podemos diverxer, como desoutro admirado Paul Valéry, o filósofo, ensaísta, o poeta simbolista dedicado a cultivar o espírito, enterrado nesoutro cemiterio mariño, da súa cidade natal, a occitana de Sète, camposanto, nao que emproa a mar, das odiseas, como o de San Amaro... Sobre o asunto mesmo poderíamos dialogar con Madariaga, pensadores sempre en favor do verbo, con patria no valor inmenso da palabra, construída para socializar, para unir na igualdade.

Dende o devandito nomeamento de César Antonio Molina como *Académico de Honra*, o máis alto da *Academia Galega de Belas Artes* (2022) transcorrido o tempo, inquedanzas, crises ambientais, autoritarismos, guerras, deshumanización, desmemoria, mercantilización, globalización por medio, coa conseguinte uniformización campante a través do que educa ou maleduca, o imperio dos plasmados... César non parou, seguiu dándolle canle a súa filosofía, pensamentos nos que lateixa un xeito de novo *neodecadentismo*, motivado por tal estado da cuestión, agrandada pola evolución das novas tecnoloxías, a Intelixencia Artificial e seu papel na comunicación, na educación... e velaí no 2023 a súa publicación *¿Que hacemos con los humanos?* reflexión sobre a interferencia dos robots e da intelixencia artificial e os algoritmos na persoa e na sociedade, pónose en perigo o herdo espiritual para crear un xeito de estado policial, sendo vixiados, coñecendo gustos e prefe-

rencias, domesticándonos, encarreirándonos... para rematar formando parte dunha poderosa mente colectiva, en definitiva ser escravos. Novo e máis poderoso imperio do que noso autor di a soberbia científica e a *incontrolable evolución tecnolóxica en mans desaprensivas*. Qué facer entón ante semellante panorama?: pois velaí o feito primeiro, enxergar, asumir a situación para tomar conciencia do estado da cuestión e velaí a referida, obra con senso práctico, que chama á conciencia individual e colectiva coa ansia de preservar a cultura, a democracia, a liberdade, ese espírito crítico que nos trae aquí. Algo moi prendido nesa historia coruñesa que mamou César Antonio Molina...

**Enxergar o peripatético camiño andado. O legado entregado, bibliotecas fronte á «idiotización»**

A referida obra de César Antonio Molina, atinxe a cuestións que latexan no seu devalar como intelectual, encamiñada a informar para formar, para servir á convivencia. Sentir que latexa nese longo recorrido de apaixonantes libros de viaxes, pois entra nese devalar heraclitiano, o devalar, ben o escoitamos neste discurso, tamén atribuído ao poeta maldito e simbolista Baudelaire, devalan as cousas, devala o físico e o psíquico das persoas, ás que muda o rostro, igual que muda a fisionomía e o espírito das cidades. Apuntes, de cadernos de viaxes de César Antonio Molina desenvoltos na serie *Memorias de Ficción*, periplo nacido á luz do Faro de Hércules, *ollo que ilumina esperanza* unha permanente preñada de nostalxias na noite, entre a brétema...., *Vivir sin ser visto* (2000), *Regresar a donde no estuvimos* (2003), *Esperando los años que no vuelven* (2007), *Lugares donde se calma el dolor* (2009), *Donde la Eternidad envejece* (2012), *Todo se arregla caminando* (2016), título baseado nunha recomendación do pai. Libros preferidos por quen isto escribe, por iluminar, abrir ronseis, interaccionar vidas con sitios, amizades, influencias para meternos nun inmenso labirinto, a odisea da cultura. Obras que requiren o seu ritmo de lectura, de vagar, si acaso acompañados dun dedal de algún licor, tostado quizais, e dunha música suave, de órgano, Bach si acaso. *La caza de los intelectuales, la cultura bajo sospecha*, editada no 2014 é un ensaio, reflexión equilibrada, incisiva, necesaria sobre o papel dos intelectuais na política, a difícil relación entre o poder e a

cultura, sendo todo a política, a significación dos valores de espírito, ou de «alma», a significación dese universo que é a persoa, a liberdade e os seus coutos... asuntos nos que sempre teimaba aqueloutro inconformista, creador de confrarías, irmandades, seminarios, filósofo que se dicía *heterodoxo en todo, agás na relixión* Vicente Risco e comprender o que significa relixión para o creador de Nós que se miraba no espello do acontecer irlandés. Sendo a educación algo que atinxe a todos e en todo momento, máis alá de encarreirala na escola que para iso é. Libro onde non falta a reflexión arredor da ilustración, de personalidades como Melchor de Macanaz que penou días no Castelo de San Antón, como ben estudou e fixo tese a gran amiga de César Antonio, amante da Coruña, Carmen Martín Gaité, de descendencia ourensá. Pois velaí xanelas abertas á odisea vital de *alguén que no seu camiño enxerga canto acontece a unha e outra banda do seu andar*.

Concluimos con César Antonio Molina que o mellor antídoto contra a morte é o amor, idea sobre a que escribe un interesantísimo ensaio, en tempo no que furábase nunha pandemia, *Tan Poderoso como el amor* (2018). Libro trezado de saber e aprendidos nas lecturas, nas viaxes, nas conversas, a arte, a literatura, e sobre todo o cine, algo que tamén César Antonio aprendeu na súa Ítaca, de tantas salas de cines e empresas xa perdidas, na Compostela universitaria que albiscaba a luz despois do longo túnel da ditadura.... e sempre atento ao camiño ás novas tecnoloxías, algo que singulariza a obra de Cesar, iso de entrelazar pasados, con presentes e ansias de futuros, os sentimentos, tan cargados de poesía e a forza do amor por medio...

*Las democracias suicidas* (2019) reflexión sobre o desleixo ás humanidade, a perda do espírito democrático, da política da convivencia, en favor de totalitarismos ideolóxicos, económicos, tecnolóxicos... O que, axiña leva a outros ensaios, como *¡Qué bello será vivir sin cultura!:* *La cultura como antídoto frente a los peligros de la idiotización* (2021), sobreposición da cultura como antídoto fronte aos perigos de non pensar, a idiotización. César Antonio Molina reflexiona aquí sobre os efectos da revolución dixital, das redes, da cultura dixital, a dos plasmas que tanto inciden na vida e na sociedade; novos ritos e novos mitos que diría o sempre lembrado Umberto Eco. Adictos, envelenados en novos ritos, onde a persoa se dissolve na mercantilización, entre o universo bre-

temoso e pantanoso das propagandas, das noticias falsas. Onde atopar pois a verdade?. César Antonio Molina abonda no papel e na xestión da Cultura e dos centros culturais, na arte, na literatura, na transformación das bibliotecas, tema de grande preocupación e máis neste tempo, onde a *Galaxia Guttemberg* queda trastornada polos plasmados, retos aos que debe enfrontarse unha nova xestión destes centros. O problema non é único nin novo, os profesionais museólogos e bibliotecarios reinician unha nova xestión, interaccionando coas artes e con todos os públicos en igualdade, velaí como referentes o *Centro de Información e aprendizaxe de Birmingham* co fin de unir, a *LothLibrary* de Tiburg, Holanda, a *Tainan Public Library* (Taiwan)... continentes, contidos, con profesionais pensados para a educación en igualdade a través do saber... inversións en futuro de políticas de igualdade e de paz.

A César Antonio Molina, á persoa, ao intelectual, ao Director do Círculo de Bellas Artes de Madrid, Director do *Instituto Cervantes*, ao Ministro de Cultura, ao Director *da Casa do Lector*... unha vida para os libros preocúpalle de xeito singular o papel das bibliotecas hoxe. Il, de teoría e praxe o que legou á Deputación Provincial, asentada na súa cidade, a súa Biblioteca, que é como dicir os seus desvelos. E como se sabe unha biblioteca ou un museo é a memoria de algo inacabado sempre inacabado, sempre en devalar, sometida ás novas tecnoloxías, ás mudas e sempre sen perder a capacidade de sedución que teñen os seus contidos, a filosofía, a literatura, a arte...

### **A biblioteca de César Antonio Molina-Mercedes Monmany**

A modo de avalar a praxe de canto dicimos convén deixar constancia aquí, a través dunha breve descrición, sobre o legado que César Antonio Molina e a súa esposa Mercedes Monmany fixeron á Deputación da Coruña, formalizando convenio a 14 de abril de 2005.

O convenio: A doazón, como tal, faise con carácter gratuíto e a entrega será de forma paulatina desde o ano 2005 (data de formalización do convenio) sendo realizada a selección e elección polos donantes e correspondéndolle a eles dar por finalizadas as entregas. Os fondos situaranse nun lugar espe-

cífico diferenciado do resto dos fondos da Biblioteca Provincial. Dita sala recibirá o nome de *César Antonio Molina y Mercedes Monmany*.

### **A doazón**

Número de títulos:

- Libros: 29.669 (volumes son mais xa que hai duplicidade nos fondos)
- Vídeos: 486
- Material sonoro: 321
- Revistas: 1.232
- Material non librario: 84
- Arquivo (documentos descritos): 15.246

A *Biblioteca Provincial* fixo ademais unha catalogación analítica de 33.897 artigos das revistas doadas, un traballo moi importante pois a maioría das veces, os artigos é un tipo de información que se perde é moi difícil de recuperar, sendo por outra banda material fundamental para a investigación.

É esta unha biblioteca de autor, onde os libros principais son os escritos polos seus autores. Os libros escritos, recompilacións, traducións ou libros prologados por César Antonio Molina e Mercedes Monmany teñen un apartado especial dentro da biblioteca. Na Biblioteca Provincial atópase a única copia de Galicia do orixinal mecanografado da tese doutoral de César Antonio Molina *Historia de la prensa literaria en Galicia desde comienzos de siglo hasta la guerra civil (1900-1936) y su relación con la española*, unha das mellores fontes de estudo sobre prensa literaria galega grazas a ser un traballo minucioso e completo.

Destacan os obras dedicadas, sobre todo libros: premios nobel (Mario Vargas Llosa, Herta Müller, Orhan Pamuk, José Saramago, Camilo José Cela, Seamus Heaney...), premios Príncipe de Asturias (Antonio Muñoz Molina,

Amos Oz, Claudio Magris, Francisco Ayala, Miguel Delibes... ) e moitos outros autores (Xesús Fraga, Javier Marías, os irmáns Goytisolo, Manuel Rivas...) e os de dedicatorias de artistas, moitas ilustradas (Antoni Tàpies, Eugenio F. Granell, Miguelanxo Prado, Siro, Gordillo, Lamazares...).

Galeradas de diversos autores europeos, moitas delas nun momento temperán do proceso de edición o que supoñen unha fonte moi importante de investigación editorial e literaria.

A doazón ademais inclúe unha importante colección de Quixotes: edicións especiais e edicións de luxo, ilustradas por diversos artistas (Dalí, Antonio Saura...), en diversos idiomas e libros relacionados coa obra.

Libros de bibliófilo: facsímiles das edicións antigas de: *Sinodal de Aguila-fuente* (primeiro libro (incunable) impreso en España e en castelán, no ano 1472), *Lazarillo de Tormes*, *Tesoro de la Lengua castellana o española*, *Gramática de la lengva general del nvevo reyno, llamada mosca...*, así como, múltiples edicións de tirada limitada, de gravados de artistas, edicións gran luxo da Constitución de 1978 e 1931...

En canto ás revistas, hai que destacar as publicacións propias dos autores na biblioteca de autor: *Culturas (Diario 16)*, *Cuadernillos de Madrid*, *La alegría de los naufragios*, *Minerva*, e revistas facsímiles editadas por César Antonio Molina (*Alfar*, *Atlántida...*). Hai numerosos títulos de revistas xa desaparecidas que non son fáciles de atopar, polo que son moi útiles para a investigación de diversos temas (*Cuadernillos de Madrid*, *La alegría de los naufragios*, *Minerva*), revistas de tiradas moi limitadas (*Menú: Cuadernos de poesía, ...*). Revistas editadas noutros países, normalmente americanas ou europeas, en distintos idiomas (*Vuelta*, *Universidad de México*, *Encuentro de la cultura cubana*, *Hofstra hispanic review*, *Paralelo 50*, *Prometeo*, *The Reading Teacher...*). Moitos outros títulos son sobranceiros pola calidade das súas edicións: *Sibila*, *Blanc d'ou*, *Matador...* ademáis tanto César Antonio Molina como Mercedes Monmany forman parte do consello de redacción da *Revista de Occidente* a que tamén forma parte da doazón.

O material non librario está conformado por carteis, e premios, medallas e condecoracións das mais importantes institucións nacionais e internacionais.

Non podemos esquecer o arquivo persoal que vai incluído na doazón. Como en todo arquivo, a verdadeira importancia recae en todo o conxunto de documentos, que se complementan uns con outros para axudar a crear unha imaxe dos produtores. É dicir, que aínda que haxa algunha documentación que poida destacar. Todos os datos e documentación posibles compren para que o arquivo estea completo e dea unha imaxe o máis fiel posible dos autores e do desenvolvemento das súas actividades: escritos orixinais (manuscritos, mecanografados ou en formato dixital) das obras, artigos, conferencias,... de César Antonio Molina e Mercedes Monmany, documentación de carácter editorial, colección epistolar con diferentes autores, debuxos e pinturas orixinais de artistas, concesións de premios de diversas institucións, documentación biográfica persoal e familiar...

Ten especial relevancia toda a documentación que dunha ou outra maneira está asociada á cidade e á provincia da Coruña, entre outros documentos:

- Toda a documentación que mostra os esforzos de César Antonio Molina no seu cargo de Ministro de Cultura para a concesión do título de Patrimonio da Humanidade á Torre de Hércules (motivo polo que se lle nomeou Fillo Predilecto da Cidade)
- Documentos probatorios das xestións realizadas por César Antonio Molina, como Ministro de Cultura na creación na Coruña do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía [MuNCyT]
- Expedientes relativos ao impulso na contía dos orzamentos do Estado recibidos polo Palacio da Ópera da Coruña durante o período de César Antonio Molina como ministro.
- O impulso realizado por César Antonio Molina no seu cargo de director do Instituto Cervantes ás distintas linguas cooficiais da estado
- Documentación relativa á creación e establecemento en Damasco e Lisboa das bibliotecas Álvaro Cunqueiro e Gonzalo Torrente Ballester, do Instituto Cervantes, nos anos de dirección de César Antonio Molina
- Reunión de directores do Instituto Cervantes no Pazo de Mariñán

- Documentación relativa á difusión da cultura galega durante os cargos de César Antonio Molina como director do Círculo de Bellas Artes e o Instituto Cervantes (con múltiples exposicións e homenaxes a artistas, escritores e arquitectos galegos)

### **Premios, medallas, diplomas, obxectos, lembranzas....**

- Placa de Fillo Predilecto da Coruña
- Toga e birrete do nomeamento de Honoris Causa pola Università degli Studi di Napoli L'Orientale
- Gran Cruz da Orden de Carlos III
  - Condecoración de *Caballero de la Gran Cruz de la Orden al Mérito de la República Italiana*
- Condecoración da Orde «Bernardo O'Higgins» en el grado de Gran Oficial entregada pola República de Chile
- Medalla de Caballero de la Orden de las Artes y las Letras da República Francesa
- Medalla de ouro de «La Batalla de La Coruña»
- Premio Internacional de Periodismo Fundación Mercedes Calles-Carlos Ballesteros
- Medalla de la ciudad de Covilhá
- Medalla de oro al mérito de la República de Serbia (César Antonio Molina y Mercedes Monmany (hay 2)
- XLVI Premio Fernández Latorre
- Premio «Pop Eye» Literatura: por «Todo se arregla caminando»: Cáceres 2016



- Tesla White Dove Award (2015)
- Medalla Castelao 2010
- Taormina Media Award «Wolfgang Goethe»
- Premio 2010 Eduardo Lourenço
- «Gala celebritatilor romano-spaniole 2010» a Mercedes Monmany
- O Centro Sefarad Israel concede a D. César Antonio Molina a Corona Esther
- Premio Internacional de Periodismo Fundación Mercedes Calles-Carlos Ballesteros
- Socio de Honor de la Asociación de Prensa de A Coruña
- Coruñés do do 2008 por la AA.VV El Ensanche
- Medalla de Oro de la Fundación Instituto de Estudios Políticos
- Premio Letras de Bretaña
- Gran Premio Niram Art de Poesía 2011
- Premio Periodístico Francisco Valdés 2013
- Premio europeo Alberico Sala
- Excmo. Ayuntamiento de Cox (Alicante), ap director del Instituto Cervantes
- Diploma de la Delegación de la Xunta de Galicia en Madrid, Casa de Galicia
- Visitante Ilustre da Cidade de Pompeia.

## Listaxe de principais remitentes de correspondencia

José Luis Abellán	Blanca Berasátegui
Esperanza Aguirre	Josefina Betancor
Al Berto	José Manuel Blecua
Luis Cernuda	Harold Bloom
Cayetana de Alba	Icía Bollain
Ignacio Aldecoa	Juan Manuel Bonet
Vicente Aleixandre	José Bono
Joaquín Almunia	Manuel Borrás Arana
Vicente Aceres	Emilio Botín
Nuria Amat	Carmen Boulosa
Ignacio Amestoy	Xosé Manuel Bouzas
Eugénio de Andrade	Francisco Brines
Blanca Andreu	Alfredo Bryce Echenique
Luis María Ansón	Gesualdo Bufalino
Vicente Araguas	Fanny Buitrago
Javier Arenas	Anna Caballé
Felipe VI y Casa Real	José Manuel Caballero Bonald
Fernando Arrabal	Pío Cabanillas
Eduardo Arroyo	Guillermo Cabrera Infante
Bernardo Atxaga	Roberto Calasso
Francisco Ayala	Carmen Calvo
Rafael Azcona	Francisco Calvo Serraller
Ricardo Bada	Victoria Camps
Enrique Badosa	Xosé Carlos Caneiro
José Balza	José Luis Cano
Julian Barnes	Pedro Cano
Luis Bassets	Luis de Cañigral
Teddy Bautista	Marta Cárdenas
Pilar Gómez Bedate	José Cardoso Pires
Carlos Germán Belli	Carlos, Príncipe de Gales (Reina Isabel II)
Juan Alberto Belloch	Guillermo Carnero
Pablo Beltrán de Heredia	Julio Caro Baroja
José Bento	

Luis Caruncho	Julio Diamante
Antonio Carvajal	Isaac Díaz Pardo
Miguel Casado	Luis Mateo Díez
Casal Muñoz, Marynés y Selva	Jordi Doce
Casal (hija de Julio J. Casal, revista Alfar)	Predrag Dojcinovic
Antón, Nicolás y Martín Casariego	Diego Doncel
Julia Castillo	Carlos Echeverría
Antón Castro	Umberto Eco
Juan Luis Cebrián	Jorge Edwards
Camilo José Cela	Jorge Eduardo Eielson
Javier Cercas	Arsenio Escolar
Mário Cesariny	José Luis Falcó
Carmen Chacón	Almeida Faria
Ramón Chao	María Teresa Fernández de la Vega
Cristina Cifuentes	Francisco Fernández del Riego
José Angel Cilleruelo	Eugenio F. Granell
Carlos Clementson	Miguel Anxo Fernán-Vello
Juan Cobos Wilkins	Ramiro Fonte
Luis Cobos	Xesús Fraga
Emilio Coco	Carlos Franco
Antonio Colinas	Victor F. Freixanes
Delfín Colomé	Rodrigo Fresán
Alfredo Conde	Carlos Fuentes
Vincenzo Consolo	Ángel Gabilondo
Alberto Corazón	José Antonio Gabriel y Galán
Guillermo Corral van Damme	Antonio Gala
Milagros del Corral	Guiseppe Galasso
Correa Corredoira, Javier	José Luis Galiardo
Gérard de Cortanze	Antonio Gamoneda
Adela Cortina	Pablo García Baena
André Coyné	Luis García Berlanga
Angel Crespo	Victor García de la Concha
Felipe Criado	Carlos García Gual
Luis Alberto de Cuenca	Juan García Hortelano
Alvaro Cunqueiro (y su hijo César Cunqueiro)	Luis García Jambrina
Miguel Delibes	Luis García Montero
	Luis García Soto
	Olvido García Valdés

Manuel García-Viñó	Juan José Ibarretxe
Domingo García-Sabell	Amalia Iglesias
Ian Gibson	Carmen Iglesias
Jaime Gil de Biedma	Ramón Irigoyen
José Luis Giménez-Frontín	Antonio Isasi-Isasmendi
Javier Godó	Jacques Issorel
Javier Gomá Lanzón	Philippe Jaccottet
Pilar Gómez Bedate	Augusto Monterroso y Bárbara
José Luis Gómez	Jacobs
Alejandro González Iñárritu	Clara Janés
Ramón González de Amezúa	Fredric Jameson
Ernesto Sábató y Elvira González	Francisco Jarauta
Fraga	José Jiménez Lozano
Miguel González Garcés	Ignacio Prat y Carmen Jiménez
Fernando González Laxe	Lidia Jorge
Felipe González Márquez	José Luis Jover
José Ángel González Sainz	Jon Juaristi
Ángeles González-Sinde	Nuno Júdice
Javier Goñi	Alejandro Krawietz
Luis Gordillo	Pedro Luis Ladrón de Guevara
Juan y Luis Goytisolo	Eduardo Lago
Felix Grande	Menchu Lamas
Miguel Groba Groba	Luis Landero
José María Guelbenzu	Monique Lange
Raúl Guerra Garrido	Gioacchino Lanza Tomasi
Alfonso Guerra	José Manuel Lara Bosch
Claudio Guillén	Fernando Lara Bosch
Angel Guinda	Carlos Larrañaga
Ricardo Gullón	José María Lassalle
Manuel Gutiérrez Aragón	José María Latorre
Juan Miguel Hernández León	Jean-Marie Gustave Le Clézio
Joan Hernández Pijuan	Manuel Leguineche
Jorge Herralde	Juan María Lekuona
Jesús Hilario Tundidor	Rosa Lentini
Patricia Highsmith	Fernando León de Aranoa
Jorge J. Valladares y Rosario	Arturo Lezcano
Hiriart	Mercedes Lezcano (Adolfo
Antonio Huerga	Marsillach)

Abelardo Linares	Carmen Maite Gaité
Julio Llamazares	Gustavo Martín Garzo
Emilio Lledó	Ignacio Martínez de Pisón
José Carlos Llop	José Carlos Martínez
Xurxo Lobato	Enrique Vila-Matas y Paula Massot
Salvador López Becerra	Predrag Matvejević
Arcadio López Casanova	João de Melo
Felipe-Senén Lopez Gómez	Xosé Luís Méndez Ferrín
Xulio López Valcárcel	Carlos Meneses
José Luis López Vázquez	Antonio Mercero
Luce López-Baralt	José María Merino
Paco López-Barxas	Eduardo Milán
Arcadio López-Casanova	Ana María Moix
Javier Losada	Vicente Molina Foix
Ramón Loureiro	Luis Alberto de Cuenca
Eduardo Lourenço	Bernardo Atxaga
Fernando Loustaunau	Eduardo Moga
Catalina Luca de Tena	Eugenio Montejo
Leopoldo de Luis	Rosa Montero
Aurora Luque	Vicente Luis Mora
Jacobo Machover	Miguel Ángel Moratinos
Madariaga, Isabel de (mujer de Salvador de Madariaga)	Antonio Muñoz Molina
Valerio Magrelli	Miguel-Anxo Murado
Claudio Magris	Álvaro Mutis
Raúl Carlos Maícas	Cristina Narbona
Ramón Máiz	Ana María Navales
Aurelio Major	Carlos Negreira Souto
Norman Manea	Julio Neira
Alberto Manguel	Bernard Noël
Pasqual Maragall	Cees Nooteboom
Gregorio Marañón y Bertrán de Lis	Alberto Núñez Feijóo
Jesús Marchamalo	Esperanza d'Ors
Tomás Marco	Carlos Edmundo de Ory
Francisco Marhuenda	Paloma O'Shea
Javier Marías	António Osório
Juan Marichal	Juan Luis Panero
Juan Carlos Marset y Patricia Ehrle	José Luis Pardo
	Antón Patiño Pérez

José María Paz Gago  
Xosé Ramón Pena  
Antonio Pereira  
Joaquín Pérez Azaústre  
Rafael Pérez Estrada  
Emilio Pérez Touriño  
Cristina Peri Rossi  
Ramón Pernas  
Mario Perniola  
Joan Perucho  
Alfonso Pexegueiro  
Miguel Picazo de Dios  
Nélida Piñón  
José Cardoso Pires  
Sergio Pitól  
César Portela  
Juan Antonio Porto  
Abel Posse  
Luz Pozo Garza  
José María Pozuelo Yvancos  
Amancio Prada  
Juan Manuel de Prada  
José Luis Puerto  
Soledad Puértolas  
Valentí Puig  
Carlos Pujol  
Mariano Rajoy  
Arturo Ramoneda  
Anxo Rei Ballesteros  
Luis Rei Núñez  
José Luis Rey Cano  
Santiago Rey Fernández-Latorre  
Alfonso Reyes (El Regiomontano  
Universal)  
Antoni Ribas  
Carme Riera  
Manuel Ríos Ruiz  
Manuel Rivas

Augusto Roa Bastos  
Clara Crabbé Rocha  
Ricardo Rodrigo Amar  
Claudio Rodríguez Fer  
Fernando Rodríguez Lafuente  
José Luis Rodríguez Zapatero  
Gonzalo Rojas  
Clément Rosset  
Alejandro Rossi  
Fanny Rubio  
Germán Sánchez Ruipérez  
Manuel Ruiz Amezcu  
Ágatha Ruiz de la Prada  
Alberto Ruiz-Gallardón  
Alberto Ruy Sánchez  
Rami Saari  
Ernesto Sábato  
Robert Saladrigas  
Antonio Sánchez Barbudo  
Miguel Sánchez-Ostiz  
Andrés Sánchez Robayna  
Eloy Sánchez Rosillo  
Rafael Santos Torroella  
Antonio Saura  
Fernando Savater  
Sena, Mécia de (Jorge de Sena)  
Jaime Siles  
Javier Solana  
Andrés Sorel  
George Steiner  
Antonio Tabucchi  
Carmen Cervera (Thyssen-  
Bornemisza)  
Antoni Tàpies  
Andrés Trapiello  
Jesús Hilario Tundidor  
José Luis Turina  
Julia Uceda

José-Miguel Ullán  
Víctor Ullate  
Francisco Umbral  
Jorge Urrutia  
Arturo Uslar Pietri  
José Ángel Valente  
Jaume Vallcorba  
Álvaro Valverde  
Jaime Vándor  
Mario Vargas Llosa  
Francisco Vázquez Vázquez  
Maribel Verdú  
Vicente Verdú  
Roberto Verino  
Enrique Vila-Matas

Manuel Vilariño  
Sergio Vila-Sanjuán  
Darío Villanueva  
Manuel Villar Raso  
Luis Antonio de Villena  
Juan Villoro  
Jorge Volpi  
José Ignacio Wert  
Emilio Adolfo Westphalen  
José Antonio Zarzalejo  
Iris M. Zavala  
Monika Zgustová  
Juan Eduardo Zúñiga  
Carlos Zurita

### **Autores con obra dedicada**

Abad Faciolince, Héctor  
Abeleira, Xoán  
Abreu, María Fernanda de  
Aguilar Camín, Héctor  
Alava, Gema  
Alberti, Rafael  
Alborch Bataller, Carmen  
Alcalá, Xavier  
Aldecoa, Josefina R  
Allende, Isabel (Salvador Allende)  
Alonso, Xurxo  
Alvarez Cáccamo, Xosé María

Alvarez Ortega, Manuel  
Amado, Jorge  
Amat, Núria  
Amestoy Egiguren, Ignacio  
Ancet, Jacques  
Araguas, Vicente  
Argüelles, Julio  
Argullol, Rafael  
Arias, Xela  
Arrabal, Fernando  
Arroyo, Eduardo  
Arsuaga, Juan Luis

Ashbery, John  
Atwood, Margaret  
Atxaga, Bernardo  
Ayala, Francisco  
Bada, Ricardo  
Badosa, Enrique  
Baixeras, Xavier R.  
Barba, Andrés  
Barja, Juan  
Barnatán, Marcos Ricardo  
Barón, Enrique  
Belli, Carlos Germán  
Benavides, Jorge Eduardo  
Benedetti, Mario  
Benet, Juan  
Benni, Stefano  
Berger, John  
Besteiro, José  
Blanco Vila, Luis  
Bonaviri, Giuseppe  
Bonet, Juan Manuel  
Borau, José Luis  
Botero, Fernando  
Boullosa, Carmen  
Bouza Suárez, Pablo  
Bouza, Pablo  
Caballero Bonald, José Manuel  
Calasso, Roberto  
Calvo Serraller, Francisco  
Camino, Phil  
Caneiro, Xosé Carlos  
Cano, Pedro  
Canogar, Rafael  
Caparrós, Martín  
Cardoso Pires, José  
Cartarescu, Mircea  
Carvajal, Antonio  
Casado, Miguel  
Casal, Selva  
Casariego Córdoba, Pedro  
Casariego, Martín  
Casariego, Nicolás  
Casas, Arturo  
Castaño, Yolanda  
Castillo, Julia  
Castillo-Puche, José Luis  
Castro, Antón  
Cebrián, Juan Luis  
Cercas, Javier  
Clark, Marga  
Clementson, Carlos  
Cobo Borda, Juan Gustavo  
Cobos Wilkins, Juan  
Coixet, Isabel  
Colinas, Antonio  
Conde, Alfredo  
Constant, Paule  
Corazón, Alberto  
Corral, Milagros del  
Correa Corredoira, Xavier  
Corredor-Matheos, José  
Correia, Hélia  
Cortanze, Gérard de  
Coyné, André  
Cremades, Javier  
Crespo, Angel  
Cruz Ruiz, Juan  
Cuenca, Luis Alberto de  
Cueto, Alonso  
Cunqueiro, Alvaro  
De Luca, Erri  
Delibes, Miguel  
Diamante, Julio  
Díaz Pardo, Isaac  
Díez, Luis Mateo  
Doce, Jordi



Domin, Hilde  
Doncel, Diego  
Doyle, Bob  
Edwards, Jorge  
Eielson, Jorge Eduardo  
Elguero, Ignacio  
Elytis, Odysseas  
Espido Freire  
Falcón, Rosa  
Faria, Almeida  
Fernández Alba, Antonio  
Fernández Naval, Francisco X.  
Fernán-Vello, Miguel Anxo  
Ferreiro, Celso Emilio  
Ferrol, Manuel  
Fine, Anne  
Fontdevila, Manel  
Fonte, Ramiro  
Fonte, Ramiro  
Fonteneau, Eric  
Fraga, Xesús  
Franz, Carlos  
Freixanes, José  
Freixanes, Víctor F.  
Frías, Milagros  
Fuentes, Carlos  
Gabriel y Galán, José Antonio  
Galasso, Giuseppe  
Gamboa, Santiago  
Gamoneda, Antonio  
García Baena, Pablo  
García Montero, Luis  
García Ortega, Adolfo  
García Sánchez, Javier  
García Terrés, Jaime  
García Valdés, Olvido  
García, Eduardo  
Gelman, Juan  
Gibson, Ian  
Gimferrer, Pere  
Gitai, Amos  
Gomá Lanzón, Javier  
Gómez Bedate, Pilar  
Gómez Blesa, Mercedes  
González Fraga, Elvira  
González Garcés, Miguel  
González Iglesias, Juan Antonio  
Gordillo, Luis  
Goytisolo, José Agustín  
Goytisolo, Juan  
Goytisolo, Luis  
Graça Moura, Vasco  
Grande, Félix  
Granell, Eugenio F.  
Grasso, Sebastiano  
Groba Otero, Rogelio  
Grosso, Alfonso  
Grünbein, Durs  
Guelbenzu, José María  
Guerra Garrido, Raúl  
Guerra, Alfonso  
Guinda, Angel  
Gürsel, Nedim  
Haasse, Hella S  
Herbert, Zbigniew  
Herralde, Jorge  
Hiriart, Rosario  
Huidobro, Vicente  
Ibarrola, Agustín  
Iglesias Serna, Amalia  
Ionesco, Eugène  
Irigoyen, Ramón  
Isasi-Isasmendi, Antonio  
Jacobs, Bárbara  
Janés, Clara  
Jarauta, Francisco

Jiménez de Parga, Manuel	Lozano, Irene
Jiménez Lozano, José	Lucas, Antonio
Jiménez, Carmen	Luis, Leopoldo de
Jorge, Lidia	Machover, Jacobo
Jover, José Luis	Magrelli, Valerio
Juaristi, Jon	Magris, Claudio
Júdice, Nuno	Maillard, Chantal
Keret, Etgar	Maillard, María Luisa
Kociancich, Vlady	Máiz Suárez, Ramón
Koudelka, Josef	Manguel, Alberto
Krawietz, Alejandro	Marañón y Bertrán de Lis, Gregorio
Ladrón de Guevara, Pedro Luis	Marchamalo, Jesús
Lago, Eduardo	Marcoaldi, Franco
Lamas, Menchu	Marías, Javier
Lamazares, Antón	Marset, Juan Carlos
Landero, Luis	Martín Garzo, Gustavo
Lasalle, José María	Martín Vivaldi, Elena
Leguineche, Manuel	Martín, Luis G.
Leiber, Svenja	Martínez de Pisón, Ignacio
Lentini, Rosa	Matute, Ana María
Lezcano, Arturo	Melo e Castro, E.M. de
Lihn, Enrique	Melo, Joao de
Lindo, Elvira	Méndez Ferrín, X.L.
Llamazares, Julio	Meneses, Carlos
Lledó, Emilio	Merino, José María
Llop, José Carlos	Mestre, Juan Carlos
Lobato, Xurxo	Milán, Eduardo
Lodoli, Marco	Millán, José Antonio
Lojo, María Rosa	Millás, Juan José
Longares, Manuel	Moga, Eduardo
Lootz, Eva	Moix, Ana María
López Becerra, Salvador	Moldes, Diego
López Valcárcel, Xulio	Molina Foix, Vicente
López-Barxas, Paco	Montobbio, Manuel
López-Casanova, Arcadio	Mora, Vicente Luis
Lostalé, Javier	Moreno Jurado, José Antonio
Loureiro, Ramón	Moutinho, José Viale
Lourenço, Eduardo	Muchnik, Mario

Müller, Herta	Pernas, Gonzalo
Muntadas, Antoni	Pernas, Ramón
Muñoz Molina, Antonio	Perniola, Mario
Nancy, Jean-Luc	Perucho, Joan
Navales, Ana María	Pexegueiro, Alfonso
Navarro, Justo	Pino, Francisco
Naya Pérez, Juan	Piñón, Nélida
Neira Vilas, Xosé	Piqueras, Juan Vicente
Neira, Julio	Pisonero, Encarnación
Nöel, Bernard	Pitol, Sergio
Nooteboom, Cees	Pombo, Alvaro
Nora, Eugenio G. de	Pomés, Leopoldo
Novo Villaverde, Yolanda	Poniatowska, Elena
Oroza, Carlos	Ponte Far, José Antonio
Ors, Esperanza d'	Portela, César
Ors, Pablo d'	Posadas, Carmen
Ortega, Esperanza	Pose, Héctor M.
Ory, Carlos Edmundo de	Posse, Abel
Osma, Guillermo de	Pozanco, Víctor
Osório, António	Pozo Garza, Luz
Otxoa, Julia	Pozuelo Yvancos, José María
Oz, Amos	Prada, Amancio
Padorno, Manuel	Prado Galán, Gilberto
Pàmias, Jordi	Prado, Benjamín
Pàmies, Sergi	Prado, Miguelanxo
Pamuk, Orhan	Puerto, José Luis
Panero, Leopoldo María	Puig, Valentí
Pariante, Angel	Pujol, Carlos
Patiño, Antón	Pupo-Walker, Enrique
Paz Andrade, Valentín	Quessada, Xaime
Paz Gago, José María	Quiñones, Fernando
Paz, Octavio	Quirante Rives, José Vicente
Pena, Xosé Ramón	Ramírez, Pedro J.
Perea, Héctor	Ramoneda, Arturo
Pérez Azaústre, Joaquín	Reche, Juan Carlos
Pérez Estrada, Rafael	Regás, Rosa
Pérez-Reverte, Arturo	Rei Ballesteros, Anxo A.
Peri Rossi, Cristina	Rei Núñez, Luis

Reigosa, Carlos G.	Seferis, Giorgos
Rey, José Luis	Seijas, Antonio
Rica, Alvaro de la	Seixas, Cruzeiro
Riccarelli, Ugo	Seoane, Xavier
Richmond, Carolyn	Sepúlveda, Luis
Rico, Eugenia	Siles, Jaime
Rico, Manuel	Siro
Ridao, José María	Soler, Jordi
Riera, Carme	Sorela, Pedro
Riera, Miguel Angel	Soto, Luis G.
Riestra, Blanca	Sylvester, Santiago
Ripoll, José Ramón	Tabucchi, Antonio
Rivas, Manuel	Tàpies, Antoni
Rocha, Jaime	Toro, Suso de
Rodríguez Fer, Claudio	Tovar, Antonio
Rojas, Gonzalo	Trapiello, Andrés
Romeo, Félix	Trías, Eugenio
Rosset, Clément	Trogal, Enrique
Rossetti, Ana	Tundidor, Jesús Hilario
Rossi, Alejandro	Uceda, Julia
Rubio, Fanny	Ullán, José-Miguel
Ruy Sánchez, Alberto	Urrutia, Jorge
Saladrigas, Robert	Vagenstein, Angel Raymond
Saladrigas, Robert	Valcárcel, Xulio L.
Samoilovich, Daniel	Valente, José Ángel
Samperio, Guillermo	Valero, Vicente
Sánchez Barbudo, Antonio	Vallcorba, Jaume
Sánchez Dragó, Fernando	Vallejo, Alfonso
Sánchez Robayna, Andrés	Valls, Manuel
Sánchez Ron, José Manuel	Vándor, Jaime
Sánchez Rosillo, Eloy	Vargas Llosa, Mario
Sánchez, Clara	Vela, Javier
Sánchez-Ostiz, Miguel	Verdú, Vicente
Santiago Bolaños, María Fernanda	Veyrat, Miguel
Santos Torroella, Rafael	Vias Mahou, Berta
Saramago, José	Vicent, Manuel
Sartorius, Isabel	Vila-Matas, Enrique
Schommer, Alberto	Vilanova, Manuel

Vilariño, Manuel  
Vila-Sanjuán, Sergio  
Villalonga, Llorenç  
Villanueva, Darío Villar Raso, Manuel

Villoro, Juan  
Volpi, Jorge  
Zúñiga, Juan Eduardo<sup>1</sup>

---

1 Noso agradecemento á amabilidade e aos datos facilitados pola bibliotecaria, Carmen María Ferreiro Villaverde, continuadora dunha actividade de biblioteconomía encomiable -ao respecto deste legado e da revitalización desta biblioteca- iniciada por Dolores Liaño Pedreira.

### *Cantas fronteiras teremos aínda que cruzar para chegar a casa?*

Houbo un tempo, sendo Director do Instituto o inesquecible arquitecto, humanista e amigo Andrés Fernández-Albalat no que se soñaba na madurez de artellar nos legados do Instituto Cornide, os de López Seoane, de Madariaga, os tan significativos de un intelectual tan andado como César Antonio Molina e Mercedes Mommany no corazón da cidade Vella da Coruña, no gran edificio que foi o Goberno Militar, o que o ministro Molina recuperou, soñando tamén cun centro de humanismo, de canto significan os renacementos. Un centro con persoal, con espazos axeitados ás actividades e ao dinamismo, enxertado no tempo, que entenda que a cultura é interacción, sedución e que nestas institucións radica a arbore na que florece un pobo. Soñamos en que os poderes públicos teñan as mesmas arelas, deles depende.

Con isto, e atando de principio a fin os cabos de canto queda dito con tanto que aínda queda por dicir arredor desa aura coruñesa que nos trae aquí e como portavoz dun instituto que significa un antes, un despois e un futuro con base nesas orixes nas que radica a orixinalidade desta cidade transparente, aberta aos horizontes, debo e quero dicir que en César brilla ese sentimento do deber cumprido, unha vella ansia que xa estaba escrita: ese sentimento de ser da Ítaca da que se é.

O que nos trae aquí, aínda sendo de xeito serodio, é unha proba máis de recoñecemento e do agradecemento a canto dicimos, e trato de facelo en nome do onte e do hoxe. Sirva pois aquel vello consello que me escribía Otero Pedrayo e reforza en cada liña César Antonio Molina, tan válido para este tempo, onde se mercantiliza con todo, mesmo coa cultura, *Cultive o*

*nível de espírito, a esperanza, a que lle fará aturar a soidade e a mesma morte, enfrontarse á inxustiza.*

Queda dito que César e Mercedes entregaron o seu saber en teoría e praxe, a cidade, a cabalo do tempo, saberá responder, hoxe aínda queda moito que concienciar e por facer .

*...Ítaca ofreceuche tan fermosa viaxe/ sen ela non terías collido o camiño...*

**FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ**













Instituto de Estudios Coruñeses.  
José Cornide

